

AS FORZAS MÁXICAS IMPERSONAIS

Hai en Galicia moitas formas de representación popular do Grande Axente máxico, descendentes dalgunha forma semellante ao **mana, orenda, manitu, etc. dos pobos primitivos**.

O aire:

Esta influencia máxica que noutros lados opónselle principalmente ós mortos e algúns animais, aquí confóndese a miúdo co ar atmosférico. En efecto:

Opónselle unha influencia cativa aos *remuíños do aire*. Cando ven un remuíño do aire adoitan poñerlle a figa. Moitas veces, o remuíño vén como castigo dalgún pecado. En Melide díxéronnos que non hai moito veu un remuíño porque segaron unha pouca herba nun día santo. O remuíño destruíu a casa, levou a cabaceira e púxo a nun ameneiro podado, e a porta levábaa o aire de tal xeito que non a podían soste, e estando termando dela, o aire tirou cunha muller.

Non temos oído falar en Melide do aire dos mortos. En troques oímos do aire dos animais. Un rapaz que nos acompañaba falounos do caso dun mozo da freguesía de Maceda a quen unha píntega lle *botou o aire* nunha man, e tívola tan maliña, que por pouco a perde.

O gafo:

Non se determina ben o que é o gafo. As cruces de oliveira bendita das portas da corte, ponse contra o gafo. *Gafo* e *gafura* son expresións empregadas en Galicia e Asturias para designar as influencias máxicas ruíns, do mesmo xeito que as verbas *lurpio, cativo, ruín*, etc., empregadas como adxectivos.


A fada:

Coñécese tamén a *fada* ou *mala fada*. Esta expresión conserva naturalmente certa equivalencia con destino ou sorte.

A mala fada pode vir dunha maldición ou dunha soberbia.

A maldición é botada por outra persoa, e a máis grave é a maldición do pai ou da nai. Din que as maldicións dos pais caen sempre. Tamén din algúns que a dos padriños.

En Moldes, o vello Torreiro volvíase lobo de noite por esta causa, e tivo a fada ata que morreu, non hai corenta anos. Todo o mundo o sabía, e todos lle tiñan respecto por medo ó lobo. É o único caso de *lobishome* que alí temos oído.



As soberbias veñen da mesma persoa. Por exemplo, unha señora chamada dona Genoveva, que botou unha soberbia, dicindo que Deus, inda que quixera, non a podía facer pobre. A soberbia caelle, e morreu pedindo polas portas.

Por esta causa, a xente ten moito medo a botar soberbias, e cando van dicir algo que poida semellar vaidade, contentamento coa sorte, ou confianza nela, din a miúdo «soberbia fora...»